



1.- Acto de clausura do Ano Internacional da Estatística

Lembramos que este xoves, día 19 de decembro, terá lugar o acto de clausura do Ano Internacional da Estatística organizado por SGAPEIO. Emitirase un certificado de asistencia para aquelas persoas que se inscriban. A inscrición é gratuíta e pode facerse dende a nosa páxina Web.

Máis información: <http://goo.gl/ftF93r>

2.- I Xornadas Virtuais de Estatística en Saúde

A *Asociación Española de Estadística para la Salud* organiza as **I Xornadas Virtuais de Estatística en Saúde**, que se celebrarán na semana do 12 ao 16 de maio de 2014.

Os temas que se tratarán nestas xornadas son os seguintes:

1. O papel do profesional da Estatística na investigación biomédica e sanitaria.
2. Situación actual e perspectivas de futuro dos profesionais da Estatística no campo das Ciencias da Saúde.
3. Situación dos estudos de grao postgrao en Estatística: perspectivas de futuro.
4. Necesidades e demandas dos profesionais da Estatística no ámbito biomédico.
5. Novos métodos estatísticos como alternativa aos enfoques clásicos.
6. Experiencias en formación de Estatística en saúde.
7. Utilización e difusión de estatísticas públicas sanitarias.
8. Aplicación da Estatística noutras disciplinas relacionadas coa saúde.
9. Divulgación da Estatística na sociedade.

Poderanse enviar comunicacións en formato presentación e póster, e contarase con ponencias invitadas en diversos temas.

Máis información: <http://ives.aesaweb.es>

3.- 20th Conference of the International Federation of Operational Research Society (IFORS2014)

A XX Conferencia da Federación Internacional de Sociedades de Investigación de Operacións (20th Conference of the International Federation of Operational Research Society – IFORS2014) terá lugar do 13 ao 18 de xullo de 2014 na cidade de Barcelona.

Datas importantes:

Envío de resumos: 1 de novembro de 2013 - 31 de xaneiro de 2014

Notificación da aceptación: 25 de febreiro de 2014

Inscripción reducida: 1 de novembro de 2013 - 28 de febreiro de 2014

Máis información: <http://ifors2014.com/home/ifors>

4.- Oferta de emprego na USC

A universidade de Santiago de Compostela convoca concurso público para cubrir a seguinte praza:

- Centro de traballo: Facultade de Física
- Traballo a realizar: Seguimento do proxecto: tarefas, hitos, decisións, xustificacións, xestión de documentación, axendas, convenios, publicacións, reunións, apoio nas licitacións de equipamento, protección de resultados e transferencia.
- Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Física, Química, Matemáticas ou Económicas. Enxeñeiro Industrial, Enxeñeiro de Telecomunicacións, Enxeñeiro Electrónico ou Enxeñeiro Informático.

Presentación de solicitudes: ata o 18 de decembro de 2013.

Máis información: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1399_gl.pdf

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>